

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

4290 *Real decreto 234/2013, do 5 de abril, polo que se establecen normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea.*

A aprobación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea, supuxo a derogación do Regulamento (CE) n.º 1980/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, e comportou a introdución de importantes novidades na regulación desta ecoetiqueta.

O cumprimento desta norma comunitaria fai necesaria a aprobación dunha norma estatal que, respectando a aplicabilidade directa do regulamento e as competencias na materia que posúen as comunidades autónomas, concrete aqueles aspectos que precisan dun desenvolvemento por parte dos Estados.

En particular, o presente real decreto establece que as comunidades autónomas ou as cidades de Ceuta e Melilla que non designasen organismos competentes para outorgaren o uso da etiqueta ecolóxica da Unión Europea deberán efectuar esta designación no prazo de seis meses desde a data de entrada en vigor da norma.

Non obstante, se unha comunidade autónoma ou as cidades de Ceuta e Melilla non consideran xustificada ou viable dispor dun organismo competente no ámbito propio da súa actuación, prevese a posibilidade de que, mediante os correspondentes convenios de colaboración, se efectúe a designación dun mesmo organismo competente que actúe no territorio de varias comunidades autónomas ou nas cidades de Ceuta e Melilla.

Con esta regulación, e sen prexuízo das responsabilidades a que puider dar lugar o incumprimento das obrigas derivadas de dereito comunitario, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, preténdese garantir que ningún operador se vexa privado da posibilidade de obter a etiqueta ecolóxica para os seus produtos ou servizos, por falta de organismo competente designado no lugar de produción ou de prestación, cos conseguintes prexuízos para os propios operadores e para os consumidores.

Inclúese un mandato ás comunidades autónomas para que, no marco do Plan Acción que acorden os Estados e a Comisión Europea, e en colaboración co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, promovan o uso da etiqueta ecolóxica europea e, en relación con iso, establécese a obriga de todas as administracións públicas de integraren a etiqueta ecolóxica nas súas diferentes políticas sectoriais e, en especial, nos seus procedementos de contratación pública.

Así mesmo, régulase a participación de España no Comité de Etiquetaxe Ecolóxica da Unión Europea previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro.

O artigo 6 concreta os criterios de distribución de competencias entre os organismos competentes designados polas comunidades autónomas para a concesión da etiqueta ecolóxica, para cuxo fin o criterio fundamental será o da orixe do produto ou servizo.

O desenvolvemento dos procedementos de concesión e, de ser o caso, prohibición de utilización da etiqueta ecolóxica déixase en boa medida á normativa autonómica que se aprobe na materia, ben que, no caso da prohibición de utilización da etiqueta, se establece un trámite obrigatorio de audiencia ao usuario por un prazo de quince días e se regula a comunicación da dita prohibición ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

O derogado Regulamento (CE) n.º 1980/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, relativo a un sistema comunitario revisado de concesión de etiqueta ecolóxica, exixía o pagamento de dous canons relacionados coa etiqueta ecolóxica: un, pola tramitación da solicitude de concesión, e outro, de carácter anual, pola súa utilización. Non obstante, o Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, coa finalidade de fomentar a utilización da etiqueta ecolóxica e incentivar aqueles cuxos produtos cumpren os criterios da etiqueta ecolóxica, determinou que a existencia do canon anual polo uso da etiqueta ten carácter potestativo para os organismos competentes, polo que este canon poderá non ser exixido no territorio nacional.

Así mesmo, inclúese unha remisión ao réxime sancionador contido na normativa de defensa dos consumidores para a sanción dos incumprimentos ao disposto no regulamento comunitario. O mesmo artigo lembra que a información comercial enganosa con respecto á obtención da etiqueta ecolóxica da Unión Europea ou ao cumprimento dos requisitos necesarios para iso poderá ser considerada tamén unha práctica comercial desleal cos consumidores, de acordo co previsto na lexislación aplicable para o efecto.

Finalmente, a aprobación deste real decreto fai necesaria a derogación do Real decreto 598/1994, do 8 de abril, polo que se establecen normas para a aplicación do Regulamento (CEE) n.º 880/1992, do 23 de marzo, relativo a un sistema comunitario de concesión da etiqueta ecolóxica.

Na súa elaboración consultáronse as comunidades autónomas, o Consello Asesor de Medio Ambiente e os sectores afectados, e foi posta á disposición do público en xeral de acordo co establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Este real decreto ten carácter de normativa estatal básica, de acordo co previsto no artigo 149.1.13.ª e 23.ª da Constitución, que lle atribúen respectivamente ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as condicións para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea.

Artigo 2. *Organismos competentes.*

1. Correspóndelles ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla designar os organismos competentes para outorgar en España o uso da etiqueta ecolóxica da Unión Europea e efectuar as demais funcións que lles asigna o Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009.

2. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla notificaránlle ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a designación dos organismos competentes e os cambios que se produzan nesta designación, na denominación ou situación do organismo competente. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente comunicarlle á Comisión Europea todos os organismos competentes designados.

3. Na designación dos organismos competentes garantirase que se cumpren os requisitos establecidos no anexo V do regulamento comunitario. A designación será

retirada, logo de audiencia do propio organismo, cando este incumpra as condicións, requisitos, funcións ou obrigas que ten atribuídas polo regulamento.

4. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán asinar os convenios de colaboración que consideren pertinentes para o mellor desempeño das obrigas e funcións dos organismos competentes, así como para acordar a designación dun mesmo organismo competente que actúe no territorio de varias comunidades autónomas ou nas cidades de Ceuta e Melilla.

Artigo 3. *Promoción da etiqueta ecolóxica da Unión Europea.*

1. De acordo co Plan de Acción que acorden os Estados membros e a Comisión Europea, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, en colaboración co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, fomentarán a utilización da etiqueta ecolóxica da Unión Europea, especialmente no caso de pequenas e medianas empresas.

2. Entre tales actividades de promoción poderá figurar a realización de campañas de sensibilización, información e educación pública, dirixidas a consumidores, fabricantes, produtores, grosistas, provedores de servizos, responsables da adxudicación de contratos públicos, comerciantes, retalistas e o público en xeral.

Artigo 4. *Integración da etiqueta ecolóxica na normativa ambiental e nos procedementos de contratación pública.*

As administracións públicas, nos seus respectivos ámbitos de competencia, disporán o necesario para que a etiqueta ecolóxica da Unión Europea sexa tida en conta na lexislación e nas políticas ambientais e, en particular, nos procedementos de contratación pública. Igualmente, segundo o artigo 81 da Lei de contratos do sector público, aprobada polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, os órganos de contratación poderán exigir a presentación de certificados que acrediten que o empresario cumpre determinadas normas de xestión ambiental. Con tal finalidade, poderanse remitir ao sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS) ou ás normas de xestión ambiental baseadas nas normas europeas ou internacionais na materia e certificadas por organismos conforme a lexislación comunitaria ou as normas europeas ou internacionais relativas á certificación.

Artigo 5. *Participación no Comité de Etiquetaxe Ecolóxica da Unión Europea.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, proporalle ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación os representantes que acudirán ao Comité de Etiquetaxe Ecolóxica da Unión Europea previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro.

Artigo 6. *Solicitud de etiqueta ecolóxica da Unión Europea.*

1. A solicitude de concesión do uso da etiqueta ecolóxica da Unión Europea para un determinado produto ou categoría de produtos presentarase ante o organismo competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla de que proceda o dito produto, que será o competente para o seu outorgamento.

2. Cando un mesmo produto proceda de varias comunidades autónomas, a solicitude poderá presentarse ante calquera dos seus organismos competentes.

3. No caso de produtos que procedan de fóra da Unión Europea, a solicitude presentarase ante o organismo competente de calquera das comunidades autónomas en que se vaia comercializar o produto ou se comercializase xa.

4. Para os efectos do previsto nos números anteriores, enténdese por lugar de procedencia dun produto:

- a) No caso de mercadorías, o lugar en que se producisen ou fabricasen.
- b) No caso de servizos, o lugar en que estes se presten ou se leven a cabo.

Artigo 7. Procedementos de concesión da etiqueta ecolóxica.

As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla establecerán os procedementos administrativos para a tramitación das solicitudes de concesión de uso da etiqueta ecolóxica da Unión Europea.

Artigo 8. Canon pola tramitación da solicitude de concesión da etiqueta ecolóxica.

O organismo competente para a concesión da etiqueta ecolóxica da Unión Europea exixirá o canon de solicitude conforme o previsto no anexo III.1 do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro. Así mesmo, poderá exixir o canon anual polo uso da etiqueta regulado no anexo III.2 deste regulamento.

Artigo 9. Comunicación da concesión da etiqueta ecolóxica e da prohibición da súa utilización.

1. Os organismos competentes designados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla que lle concedan a un produto a etiqueta ecolóxica da Unión Europea deberán notificarlo ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para a súa posterior comunicación á Comisión Europea.

2. De igual xeito, estes organismos deberanlle notificar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para a súa posterior comunicación á Comisión Europea, así como ao resto de organismos competentes, as prohibicións de utilización da etiqueta ecolóxica que establecesen.

Artigo 10. Vixilancia e control da utilización da etiqueta ecolóxica da Unión Europea.

1. Correspóndelles aos organismos competentes comprobar o uso adecuado da etiqueta ecolóxica da Unión Europea nos produtos que a obtivesen, para o cal poderán levar a cabo controis que permitan coñecer que se cumpren os criterios e requisitos que foron necesarios para a súa obtención.

2. O organismo competente que lle concedese ao produto a etiqueta ecolóxica da Unión Europea informará o usuario desta de calquera denuncia sobre o produto que leve a etiqueta ecolóxica e poderá solicitar do usuario que responda a tales denuncias.

3. Cando un organismo competente que lle concedese ao produto a etiqueta ecolóxica da Unión Europea comprobe que un produto que leva a etiqueta ecolóxica da Unión Europea non satisfai os criterios da categoría de produtos correspondente ou que a etiqueta ecolóxica da Unión Europea non se utiliza conforme o disposto no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, prohibirá temporal ou definitivamente, en función da gravidade do incumprimento, a utilización da etiqueta ecolóxica da Unión Europea no dito produto. No caso de que a etiqueta fose concedida por outro organismo competente, informará o dito organismo do feito.

A prohibición ou a comunicación anteriores serán acordadas tras a tramitación do correspondente procedemento administrativo, no cal deberá darse trámite de audiencia ao usuario da etiqueta ecolóxica polo prazo de quince días.

4. Unha vez prohibida a utilización da etiqueta ecolóxica da Unión Europea nun produto, o organismo competente informará o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o resto de organismos competentes implicados, nos termos do artigo 9.2.

Artigo 11. *Réxime sancionador.*

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, o incumprimento do disposto no Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, será sancionado conforme o previsto no texto refundido da Lei xeral de defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Disposición adicional primeira. *Grupo de traballo de etiqueta ecolóxica.*

En aplicación das previsións do artigo 4.1 do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, co obxectivo de promover unha aplicación coherente deste, créase o grupo de traballo de etiqueta ecolóxica. Este grupo estará presidido por un representante do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e nel poderán participar representantes dos organismos competentes, das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional segunda. *Normas de procedemento.*

A actuación das administracións públicas para a aplicación do disposto no Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, e neste real decreto, no non expresamente establecido nestes, axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O contido da etiqueta deberá figurar nunha lingua comunitaria. De se optar pola utilización dunha lingua oficial do Estado, esta será o castelán, sen prexuízo de que figure tamén na lingua cooficial da comunidade autónoma.

Disposición transitoria única. *Traslado de expedientes.*

1. Os procedementos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor resolveranse de acordo co previsto na normativa vixente no momento do seu inicio.

2. A partir da dita data, as comunidades autónomas darán traslado de todos os expedientes concluídos á comunidade autónoma correspondente en virtude do lugar de procedencia do produto para o seu mantemento, vixilancia, ampliacións, modificacións e renovacións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan, contraveñan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto e, en particular, no Real decreto 598/1994, do 8 de abril, polo que se establecen normas para a aplicación do Regulamento (CEE) número 880/1992, do 23 de marzo, relativo a un sistema comunitario de concesión de etiqueta ecolóxica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución, que lle atribúen respectivamente ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, e da lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Designación de organismo competente.*

As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla que non designasen organismo competente a que se refire o Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento

Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, deberán efectuar esta designación no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de abril de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente
MIGUEL ARIAS CAÑETE